



RECOMENDACIÓNS PARA EDUCACIÓN INFANTIL

- **Actividades relacionadas coa linguaxe:**
 - ❖ Actividades de escoita: imitar sons do propio corpo, de animais, esconder un obxecto con son e localizalo,...
 - ❖ Actividades de conciencia fonolóxica e discriminación auditiva: dicir se dúas palabras riman ou non, buscar palabras que rimen co seu nome,...
 - ❖ Actividades coa música: aprender e repasar letras de canción (en galego, castelán e inglés), inventar a letra dunha canción a partir dunha música que lle guste, moverse ao ritmo da música,...
 - ❖ Actividades cos contos: lerlles contos diariamente, comezar a ler un conto e intentar averiguar o final antes de chegar a el, inventar pequenas historias coa axuda de imaxes,...
 - ❖ Actividades coas palabras: agrupar palabras por campos semánticos (cores, animais, froitas,...), describo imaxes,...
 - ❖ Xogos: "Vexo-vexo", ¿Quen son?,...
- **Actividades relacionadas coa lóxica-matemática:**
 - ❖ Actividades co calendario: ¿Que día é?, contamos os días que faltan para unha data sinalada (cumpreanos, unha saída, días importantes,...
 - ❖ Actividades de contar: xoguetes, froita, pratos na mesa (cubertos, vasos, servilletas,...), pinzas da roupa (agrupan, fan series de cores ou tamaños, colgan decenas en cordóns independentes,...),...
 - ❖ Xogos de mesa: cartas (unillo, cinquillo, emparellar, solitario,...), parchís, oca, tres en raia, conecta catro, yenga, ou calquera outro xogo educativo, xogos de memoria, crebacabezas,...
- **Actividades relacionadas coa psicomotricidade:**
 - ❖ Evitar o sedentarismo.
 - ❖ Facer actividades de movemento co corpo (saltos, carreiras, subir e baixar escaleiras,...), evitando na medida do posible un uso excesivo dos aparellos electrónicos.
- **É un bo momento para:** pintar e colorear, facer debuxos, recortar e picar, modelar, escribir as letras do nome e os apelidos,... sen esquecer manter un horario coas rutinas e hábitos establecidos. En definitiva, repasar todo o traballado ata o momento

Un saúdo.
As mestras de Educación Infantil.